



ACORDO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E AS ORGANIZACIÓNS PATRONAIS MAIS REPRESENTATIVAS DO ENSINO CONCERTADO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, PARA A XESTIÓN DA INFORMACIÓN EDUCATIVA E ADMINISTRATIVA DOS CENTROS PRIVADOS CONCERTADOS A TRAVÉS DO SISTEMA DE INFORMACIÓN E CONXUNTO DE APLICACIÓNS INFORMÁTICAS RELACIONADAS PARA A XESTIÓN ACADÉMICA E ADMINISTRATIVA POLOS CENTROS EDUCATIVOS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, **DECLARA:**

Que esta Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten previsto formalizar coas organizacións patronais máis representativas do ensino concertado da Comunidade Autónoma o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o comezo do curso escolar 2016/2017 ata o seu remate.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer un marco de actuación conxunta para o establecemento das condicións, nas que os referidos centros, poden xestionar a información educativa e administrativa que reciban, xeren, e/ou custodien a través das distintas aplicacións relacionadas para a xestión académica e administrativa de centros.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

“A Administración educativa precisa de información actualizada para a programación e xestión do sistema educativo en Galicia e tamén con fins estatísticos, actuando para tales efectos, dentro do marco legal establecido na disposición adicional vixésimo terceira da Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio, de Educación.





A prestación do servizo público de educación realízase a través dos centros públicos e privados concertados e, neste ámbito, correspóndelle á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria regular a admisión de alumnos nos centros públicos e privados concertados, de tal xeito que se garanta o dereito a educación, o acceso en condicións de igualdade, a liberdade de elección de centros e, así mesmo, a igualdade na aplicación das normas de admisión, o que inclúe, o establecemento das mesmas áreas de influencia para os centros públicos e privados concertados.

Os centros educativos teñen a obriga, conforme á normativa vixente, de proporcionar gran parte desa información, independentemente do soporte ou medio que se utilice para iso, xa que son eles os que a reciben, a custodian ou a xeran.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dispón dun sistema de información e un conxunto de aplicacións informáticas relacionadas para a xestión académica e administrativa de centros, cunhas funcionalidades básicas que abarcan todas as ensinanzas obrigatorias, o bacharelato os ciclos formativos e a enseñanza de adultos, a xestión do profesorado e persoal non docente (altas e baixas, datos persoais e profesionais dos docentes así como do alumnado, xestión de todas as fases do proceso de admisión de alumnos, modificacións da matrícula, xestión completa de expedientes, e outras que teñen por obxecto xerar informes en formatos diversos, segundo os casos, para os efectos da elaboración de estatísticas e outras funcionalidades incluídas na aplicación informática).

A xestión que ofrece o programa intégrase no sistema educativo de Galicia, de xeito que permite a interrelación entre os centros docentes e a administración educativa, permitindo ademais, crear distintos usuarios que teñan acceso soamente a determinados campos de información, dependendo das súas funcións.”

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por





Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

